



AFAOR 2.0
ALZHEIMER
Declarada de Utilidad Pública

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2016

PROGRAMAS

INFORMACIÓN E ACOLLIDA

INTERVENCIÓN PSICOLÓGICA

ATENCIÓN NO MEDIO RURAL

DIVULGACIÓN SOCIAL

OBRADOIROS DE MEMORIA

OBRADOIROS DE ESTIMULACIÓN COGNITIVA

ESTIMULACIÓN COGNITIVA A DOMICILIO

PSICOMOTRICIDADE ACUÁTICA

PRÉSTAMO DE AXUDAS TÉCNICAS

VOLUNTARIADO

FORMACIÓN ESPECIALIZADA

OUTRAS ACTIVIDADES DESTACADAS...

Programa de Información e Acolida: Este servizo funciona ao longo de todo o ano de xeito ininterrompido a excepción do periodo de vacacional de verán e nadal. Das actuacións enmarcadas no presente proxecto facilitouse unha intervención especializada en todas e cada unha das solicitudes rexistradas. Máis dun milleiro de actuacións executas e centradas en ofrecer información xeral da enfermidade, sobre recursos especializados para este tipo de doentes e sobre os servizos ofrecidos dende AFAOR.

Programa de Intervención Psicolóxica: Como en anos anteriores, foron varias as actividades desenvolvidas dentro deste programa, sempre ó redor da atención especializada, próxima e directa con todos aqueles coidadores que precisan dun apoio psicolóxico específico. Un total de 144 usuarios recibiron apoio emocional ante o coñecemento do diagnóstico, asesoramento na planificación de coidados e/ou unha axeitada toma de decisión, así coma un contacto permanente coa súa asociación de referencia.

Programa de Atención no Medio Rural: Centrado nos concellos de Ribadavia e Carballiño, onde desenvolvemos Obradoiros de Estimulación Cognitiva para enfermos en fases leves ou moderadas 3 veces por semana e facilitáronse axudas técnicas para aqueles casos que así o precisaron; todo para dar atención a máis de 30 familias ó longo de 2016.

Programa de Divulgación Social: Xunto coa publicitación do programa a través das nosas redes sociais, o que creemos foi fundamental para o éxito deste programa, foi a coordinación con diferentes estamentos e axentes sociais: os concellos da provincia, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, os centros de saúde da cidade e a Federación Galega de Asociacións de Familiares de Enfermos de Alzheimer (FAGAL). En concreto, en Ourense, Ribadavia, Carballiño, O Barco, Xunqueira de Ambía, Muíños, Calvos de Randín..., podendo facilitar unha información especializada a preto de 330 familiares e profesionais.

Programa de Obradoiros de Memoria: Tras observar o grao de satisfacción obtido en edicións anteriores, as zonas de actuación finalmente seleccionadas para a realización destes obradoiros foron Ourense, Toén, Barbadás e San Ciprián das Viñas. En concreto, no concello de Ourense é onde máis atención se prestou a esta actividade, xa que gracias os acordos celebrados coa Concellería de Benestar Social e de Participación Cidadá, así como aos executados na nosa propia sede, logramos facer máis dunha deca destes obradoiros. Este programa obtén cada día máis adeptos, xa que os beneficios da actividade en si e as características da súa metodoloxía animan á participación activa dos seus usuarios. Calculamos que máis de 250 persoas disfrutaron destes obradoiros durante o pasado exercicio e agardamos, polo menos, poder alcanzar unha cifra similar no 2018.

Programa de Obradoiros de Estimulación: É o servizo de AFAOR que, xunto cos obradoiros de memoria, máis usuarios atende a diario. É preciso aclarar que xa dende principios de ano, debido a que se traballa de xeito ininterrompido, contamos con máis de 50 usuarios. O pasado ano contamos co apoio de varias entidades privadas e públicas para favorecer a súa sostenibilidade, dado que se trata dun servizo altamente valorado dentro e fora da nosa asociación.

Programa de Psicoestimulación Domiciliaria: Agora, este tipo de actividade centrase fundamentalmente na realización de obradoiros de estimulación, desenvolvidos en centros residenciais de persoas maiores. Durante o 2016 mantívose o número de beneficiarios respecto ao exercicio anterior, sendo 24 a media dos casos atendidos por semana.

Programa de Psicomotricidade Acuática: Un ano máis podemos desenvolver esta terapia alternativa deseñada especificamente para os nosos. Unhas sesións de rehabilitación e mantemento físico levadas a cabo nun medio acuático adaptado a tal fin e complementadas con exercizos de ximnasio coordinados por profesionais, das que se puideron beneficiar máis de 35 persoas.

Programa de Axudas Técnicas: Ademais de manter o servizo ás familias que xa contaban anteriormente cunha ou varias axudas técnicas nos seus fogares, ao longo do pasado 2016 puidéronse preto de 70 axudas técnicas a máis de media centea de familias, entre camas, guindastres, sillas de rodas, asentos xiratorios de baño, etc, co que temos resolto preto dun 70 % do total das demandas recibidas (sen contar as solicitudes de información e asesoramento), un material que durante este ano deixou de ser empregado por outros usuarios pero que, tras a súa correspondente revisión técnica, verificouse a posibilidade da súa reutilización.

Programa de Voluntariado: As actividades principais nas que desenvolveron as súas funcións estas figuras foron os *Obradoiros de Estimulación* e a *Piscina*, nas que apoiaron responsablemente ós nosos profesionais, sobre todo, a hora de levar a cabo as propias terapias, así como nas accións de *Sensibilización e Promoción Social*, axudando a difundir entre a cidadanía o coñecemento desta difícil enfermidade e da existencia dunha asociación, a de AFAOR, que pode resultar de moita axuda para aqueles que a padezan. Todo isto a través da organización e participación en distintos actos: mesas informativas, eventos solidarios, etc.

Programa de Formación e Orientación Profesional: A finais do pasado ano celebramos unha nova edición do curso “Atención Especializada a Personas Maiores Dependentes”, e como ten ocorrido dende 2011, os resultados anímamos a continuar por esta liña de traballo. Un bo indicador disto é o número de persoas interesadas en recibir este tipo de formación: mentres que na primeira edición se rexistraron pouco mais do límite de plazas previsto (23), na deste último ano contamos cun total de 36 inscricións (máis do 75% das plazas ofertadas). Ademais, impartimos un novo curso, esta vez destinado a todos aqueles alumnos das ciencias da educación (traballadores e educadores sociais, fundamentalmente) de 60 horas de duración, en colaboración coa Universidad de Vigo.

OUTRAS ACTIVIDADES SALIENTABLES NO 2016...

- * **Promoción das RRSS de AFAOR**
- * **Cea Benéfica Anual**
- * **Desfiles Benéfico Gocco.**
- * **Celebración do Día Internacional do Alzheimer**
- * **Andaina Solidaria en Armaríz.**